



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Enerxía e Minas

Acordo do 22 de febreiro de 2023, da Xefatura Territorial da Coruña, de información pública para autorizacións administrativas dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Mañón (expediente: IN407A 2022/171-1)

Expediente: IN407A 2022/171-1.
Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, SA.
Denominación: LMT, CT e RBT Labrada.
Termo municipal: Mañón.

1. Características técnicas:

- Centro de transformación prefabricado de formigón tipo rural fin de liña, compacto de manobra exterior, de 100 kVA de potencia, relación de transformación 15/0,4-0,23 kV e configuración de celas 1L+1P, a instalar na parcela con referencia catastral 15045A033004530000UT sita no lugar de Labrada (termo municipal de Mañón).
- Instalación, respectando a actual traza da liña MEA-811 no treito comprendido entre o CT Grañas Eirexa (expediente IN407A 2016/2624-1 / matrícula: 15AHQT) e o CT Pesegueiro (expediente IN407A 2015/404-1 / matrícula: 15AV53), dun novo apoio metálico tipo A-AL-C-1000/12-H35-CA (cs)III de xeito intercalado entre os apoios de formigón nº 117-37-3 (matrícula: BESOD9RS) e nº 117-37-4 (matrícula: BEVL3UAV) existentes.
- Retensado do condutor tipo LA-30 (condutor existente) nos novos vanos que se formarán entre os apoios nº 117-37-3 e nº 117-37-4 existentes e o apoio proxectado.
- Instalación dun paso aéreo-soterrado (PA/S) e de elementos de seccionamento tipo XS no apoio metálico tipo A-AL-C-1000/12-H35-CA (cs)III proxectado.
- Liña eléctrica de media tensión soterrada, a 15 kV, de 22 metros de lonxitude en condutor tipo RHZ1-20L 12/20 kV 3(1 x 150 mm² Al), coa orixe no paso aéreo-soterrado anterior e remate en cela de liña do CT proxectado.
- Instalación dunha liña soterrada de baixa tensión (RBTS), de 33 metros de lonxitude, en condutor tipo XZ1 0,6/1 kV 4(1 x 240 mm² Al) coa orixe no cadro de baixa tensión (CBT) do CT proxectado e remate no acoplamento coa rede de baixa tensión existente a realizar en paso soterrado-aéreo (PS/A) proxectado en apoio de formigón tipo HV-250/9 existente.

2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 02/10/2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 02/10/2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE nº 310, do 27/12/2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27/12/2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG nº 54, do 19/03/2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE nº 351, do 17/12/1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE nº 160, do 20/06/1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta ao presente este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, industria e Innovación da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no Concello. Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos, sobre os bens afectados que fosen omitidos.

Poderán examinar a documentación técnica, e de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que consideren axeitadas no prazo de 30 días, contados a partires do día seguinte ao da derradeira publicación deste Acordo.

Ademais, poderase consultar no portal web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:

<https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>.

A Coruña, 22 de febreiro de 2023

Isidoro Martínez Arca

Xefe territorial da Coruña

ANEXO

LMT, CT e RBT Labrada

Relación de bens e dereitos afectados - termo municipal de Mañón

Parcela proxecto	Propietario/titular	Referencia catastral	Paraxe	Afección pleno dominio (LMT, CT e/ou apoios)		LMT soterrada (servidume de paso de enerxía eléctrica)		Natureza do terreo
				CT / N° do apoio	Superficie (m ²)	Lonxitude (m)	Superficie (m ²)	
1	Jaime Vázquez Calvo e María Vázquez Calvo	Polígono 33, parcela 453	Poula	CT e novo apoio (PA/S)	22,41	3	8,67	Rústico agrario

2023/1294